

**CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA
TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE TERRAS DO AVIA PARA A REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN TURÍSTICA NO XEODESTINO O RIBEIRO 2017-2018**

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

REUNIDOS



Dunha parte, D^a M^a Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, Francisco José Fernández Pérez, con NIF 34625059P en calidade de Presidente da Mancomunidade Turística Terras do Avia, con NIF P3200017F e domicilio social na Rúa Gabino Bugallal 39, 32420, concello de Leiro, Ourense, e en virtude das facultades que lle outorgan os Estatutos da Mancomunidade

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Mancomunidade Terras do Avia é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos Carballiño, Ribadavia, Borborás e Leiro.

Dentro das súas competencias reguladas no artigo 3º dos estatutos está a de "información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local dos concellos mancomunados"

Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Que os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo no xeodestino de O Ribeiro, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo do Ribeiro, contribúen á potenciación do xeodestino que configura o ámbito desta comarca e á súa consolidación como destino turístico de interior e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse continuidade á colaboración establecida entre Axencia Turismo de Galicia a través dos diversos Plans de excelencia e dinamización Turística de desenvolvidos neste xeodestino

Os concellos que integran o xeodestino de O Ribeiro son: A Arnoia, Amoeiro, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Maside, Melón, O Carballiño, O Irixo, Piñor, Pontedeiva, Punxín, Ribadavia, San Amaro e San Cristovo de Cea.

A Mancomunidad tomou no ano 2017 a iniciativa para poñer en marcha o xeodestino e permitir que as accións contempladas neste convenio poidan abranguer a totalidade do territorio do xeodestino. Os O procedemento seguido para a conformación do xeodestino resúmese nos seguintes pasos:

1. Acordo interno no seno da Mancomunidad Turística Terras do Avia.
2. Invitación aos restantes concellos a integrarse no xeodestino mediante un protocolo de

colaboración coa Mancomunidad Turística.

3. Sinatura dos protocolos de colaboración.
4. Sinatura do convenio de colaboración coa Axencia Turismo de Galicia.

Unha vez asinados os protocolos de colaboración considérase que o xeodestino está suficientemente representado polo que se estima convinte asinar este convenio coa Mancomunidade Terras do Avia.

Na pasada década os esforzos individuais e conxuntos dos distintos concellos do Ribeiro e da Comarca de Carballiño encamiñáronse á adecuación dos seus recursos para polos á disposición da actividade turística. O esforzo realizado foi moi notable no eido da restauración do patrimonio cultural e natural.

Por outro lado, tamén se ten colaborado moi intensamente co empresariado no desenvolvemento de certos produtos como o turismo rural, termalismo e enoturismo, nos que este xeodestino está, cando menos, entre os mais senlleiros de Galicia.

Os obxectivos a acadara coa sinatura deste convenio para os anos 2017 e 2018 son:

-Avanzar na integración efectiva dos 21 concellos que compoñen o xeodestino con liñas de traballo conxuntas.

-Afondar na identificación do empresariado turístico co xeodestino.

-Promover o xeodestino e a súa oferta No mercado.

-Transmitir á nosa cidadanía unha mensaxe de traballo conxunto en prol das nosas comarcas.

Todos estes obxectivos, responden ás liñas estratéxicas trazadas no Plan Integral de Turismo de Galicia 2017-2020

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras do Avia para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción que se distribuirán en dúas anualidades:

Ano 2017

1. Planeamento

1.1 Redacción do Plan de Acción Turística do Xeodestino: redacción dun Plan de acción que defina e priorice as accións de interese turístico a desenvolver polo Xeodestino.

2. Xestión

2.1 Xestión do Plan de Acción en 2017: xestión das accións do convenio.

3. Creación de produto

3.1 Edición e distribución dun mapa de roteiros culturais: edición dun plano do territorio do xeodestino cos principais recursos do mesmo.

3.2 Deseño e negociación do produto Bus do Viño do Ribeiro: este traballo estruturarase en dúas fases:

-Selección e negociación de condicións con adegas, pazos, outros recursos e prestadores de servizos para incorporalos ao produto turístico.

-Deseño do produto turístico: percorridos, contidos das visitas, animación, etc.

3.3 Creación e distribución de paquetes termais "biosaludables" :egociación cos balnearios, spas e hoteis do Xeodestino para deseñar e distribuír paquetes de estancias e escapadas termais do destino que incorporarán o enoturismo como elemento de valor engadido. Unha vez deseñados serán negociados en portais e receptivas maioristas galegas.

4. Promoción do xeodestino

4.1 Edición e distribución dun catálogo de servizos turísticos : edición dunha revista de servizos e actividades do destino para distribuír entre os aloxamentos e oficinas de información turística.

4.2 Edición e posicionamento dun sitio web do Xeodestino: edición do sitio web oficial do xeodestino.

5. Identidade corporativa

5.1 Imaxe corporativa: deseño da imaxe de campaña do Xeodestino que rexerá o deseño de todos os soportes de comunicación e promocionais.

5.2 Arquivo fotográfico: confección dun arquivo fotográfico dos recursos do Xeodestino.

Ano 2018

1. Xestión

1.1 Xestión do Plan de Acción en 2018: dado que a Mancomunidade carece de equipo técnico, externalizarase a xestión das accións do convenio.

2. Creación de produto

2.1 Reedición e distribución do mapa de roteiros culturais

2.2 Posta en marcha do Bus do Viño do Ribeiro: este traballo estruturarase en dúas fases:

- Selección e negociación de condicións con adegas, pazos, outros recursos e prestadores de servizos para incorporalos ao produto turístico.

- Deseño do produto turístico: percorridos, contidos das visitas, animación, etc.

2.3 Creación e distribución de paquetes termais "biosaudables": deseño e distribución de paquetes de estancias e escapadas termais do destino que incorporarán o enoturismo como elemento de valor engadido.

3. Promoción do xeodestino

3.1 Edición e distribución dun catálogo de servizos turísticos: edición dunha revista de servizos e actividades do destino para distribuír entre os aloxamentos e oficinas de información turística.

3.2 Posicionamento e mantemento do sitio web do Xeodestino: mantemento e actualización de contidos do sitio web así como para o posicionamento das ofertas biosaudables e o Bus do Viño do Ribeiro.

4. Promoción

4.1 Asistencia a Feiras: gastos de presenza en feiras de promoción turística

Segunda.- Financiamento



O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a noventa seis mil euros (96.000,00 €) dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma oitenta mil euros (80.000,00 €) de acordo coa seguinte distribución:

- Primeira anualidade: 40.000 € con cargo ao orzamento do ano 2017
- Segunda anualidade: 40.000 € con cargo ao orzamento do ano 2018

Estas anualidades imputaranse á aplicación 04A2.761A.760.3 na que existe crédito adecuado e suficiente e se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I do convenio.

A Mancomunidade Terras do Avia levará a cabo unha achega de dezaseis mil euros (16.000,00 €) distribuídos en oito mil euros (8.000 €) para cada unha das anualidades que se destinarán ao pagamento dos gastos establecidos respectivamente nos puntos 5 e 4 da cláusula primeira das anualidades 2017 e 2018.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de oitenta mil euros (80.000,00 €) distribuídas conforme ao establecido na cláusula anterior.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante anticipo do 100% da mesma que se distribuirá da seguinte maneira:



- Primeiro pagamento: 40.000 € correspondentes á anualidade de 2017, que se aboarán con posterioridade á sinatura deste convenio previa solicitude por escrito por parte da Mancomunidade
- Segundo pagamento: 40.000 € correspondentes á anualidade de 2018, que se aboarán a partir do 1 de xaneiro de 2018 previa solicitude por escrito da Mancomunidade.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o a Mancomunidade Terras do Avia queda exonerada da constitución de garantía.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no patrimonio cultural, a paisaxe e a enogastronomía. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Cuarta.- Compromisos da Mancomunidade Terras do Avia

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto



193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exigencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno a, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, así como nos artigos 6 e 7.2 d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Quinta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.



2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.**

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, considerarase gasto realizado cando se contabilizase o recoñecemento da obrigación polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

Non obstante, no caso de realizarse pagos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

3. O prazo para xustificar por parte da Mancomunidade a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de decembro de 2017 para os gastos correspondentes á primeira anualidade e o 15 de decembro de 2018 para aqueles correspondentes á segunda anualidade. De non xustificarse en prazo a



cantidade total subvencionada, da Mancomunidade deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo gardan relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Garantía de pagamento

Estableceranse as seguintes obrigas:

1. O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2017 para o pagamento correspondente á primeira anualidade, e no 31 de decembro de 2018 para a contía correspondente á segunda anualidade.

2. O prazo para a reclamación por parte da Mancomunidade Terras do Avia, en caso de incumprimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2018. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017. A Mancomunidade Terras do Avia como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa,

e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Décima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Undécima.- Resolución


O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubrícano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA

A DIRECTORA DE TURISMO

DE GALICIA



Mª Nava Castro Domínguez

POLA MANCOMUNIDADE TERRAS DO AVIA

O PRESIDENTE



Francisco José Fernández Pérez

ANEXO I

2017

ACCIÓN	CUSTE ESTIMADO
1. Planeamento	
1.1 Redacción do Plan de acción turística do Ribeiro	10.000,00 €
2. Xestión	
2.1 Xestión do plan de acción en 2017	5.000,00 €
3.Creación de produto	
3.1 Edición e distribución dun mapa de roteiros culturais	4.900,00 €
3.2 Deseño e negociación do produto "Bus do Ribeiro"	3.000,00 €
3.3 Creación e distribución de paquetes termais "biosaudables"	4.000,00 €
4.Promoción do xeodestino	
4.1 Edición e distribución dun catálogo de servizos turísticos	5.900,00 €
4.2 Edición e posicionamento dun sitio web do xeodestino	7.200,00 €
<i>Subtotal achega Turismo de Galicia</i>	<i>40.000,00 €</i>
5. Identidade corporativa (achega mancomunidade)	
4.1 Imaxe corporativa	2.200,00 €
4.2 Arquivo fotográfico	5.800,00 €
<i>Subtotal achega Mancomunidade</i>	<i>8.000,00 €</i>
TOTAL 2017	48.000,00 €

2018

ACCIÓN	CUSTE ESTIMADO
1. Xestión	
1.1 Xestión do plan de acción en 2018	8.000,00 €
2. Creacion de produto	
2.1 Reedición e distribución dun mapa de roteiros culturais	3.900,00 €
2.2 Posta en marcha do produto "Bus do Ribeiro"	10.000,00 €
2.3 Creación e distribución de paquetes termais "biosaudables"	8.000,00 €
3. Promoción do xeodestino	
3.1 Edición e distribución dun catálogo de servizos turísticos	5.900,00 €
3.2 Posicionamento e mantemento do sitio web do xeodestino	4.200,00 €
<i>Subtotal achega Turismo de Galicia</i>	<i>40.000,00 €</i>
4. Promoción (achega mancomunidade)	
4.1 Asistencia a ferias	8.000,00 €
<i>Subtotal achega Mancomunidade</i>	<i>8.000,00 €</i>
TOTAL 2018	48.000,00 €